

rais a aquel en que ocorreu o sinistro. Este período de carencia non rexerá nos seguintes casos:

a) Os de substitución da póliza, na mesma ou noutra entidade, sen solución de continuidade, salvo na parte que fose obxecto de aumento ou nova cobertura. Non se entenderá que existiu interrupción da cobertura na substitución da póliza cando a emisión e comezo de efectos da póliza posterior se producisen despois do vencemento da anterior pero antes da suspensión de efectos desta.

b) Para a parte dos capitais asegurados que resulte da revalorización automática prevista na póliza.

c) Nos supostos en que quede demostrada a imposibilidade de contratación anterior do seguro por inexistencia de xuro asegurable.

2. O prazo de carencia aplicarase calquera que sexa a duración da póliza, así como, se é o caso, aos seguros instrumentados mediante carta de garantía. Non obstante, nos supostos de seguros de duración igual ou inferior a sete días, o período de carencia comezará a contar desde a data de contratación da póliza.

3. Nos seguros de persoas non será de aplicación o anterior período de carencia.

4. Nos supostos aos que non resulte de aplicación o período de carencia, os efectos da cobertura dos riscos extraordinarios comezarán na data de emisión da póliza, ou na do seu efecto, se fose posterior.

Artigo 9. *Franquía.*

1. No caso de danos directos, a franquía a cargo do asegurado será:

a) Nos seguros contra danos nas cousas, dun sete por cento da contía dos danos indemnizables producidos polo sinistro. Non obstante, tal franquía non será de aplicación aos danos que afecten a vehículos asegurados por póliza de seguro de automóbiles, vivendas e comunidades de propietarios de vivendas.

b) Nos seguros de persoas non se efectuará dedución por franquía.

2. No caso da cobertura de perda de beneficios, a franquía a cargo do asegurado será a mesma prevista na póliza, en tempo ou en contía, para danos consecuencia de sinistros ordinarios de perda de beneficios. De existiren diversas franquías para a cobertura de sinistros ordinarios de perda de beneficios, aplicaranse as previstas para a cobertura principal.

3. Facúltase o Ministerio de Economía para que, cando as circunstancias o aconsellen, e logo de informe do Consorcio de Compensación de Seguros, poida modificar o importe da franquía establecido neste artigo.

Artigo 10. *Valoración dos danos.*

A valoración das perdas derivadas dos acontecementos extraordinarios realizaraa o Consorcio de Compensación de Seguros, sen que este quede vinculado polas valoracións que, se é o caso, realizase a entidade aseguradora que cubrise os riscos ordinarios.

Artigo 11. *Cartas de garantía.*

Para que unha carta de garantía goce da cobertura de riscos extraordinarios, será necesario:

a) Que nela se precisen os bens que deben asegurarse, o capital asegurado e a duración, que en ningún caso poderá ser superior a tres meses, prazo dentro do cal se deberá formalizar a póliza.

b) Que o asegurado pagase efectivamente unha cantidade á conta da prima que se aproxime ao importe desta.

c) Que se lle enviase ao Consorcio de Compensación de Seguros copia da citada carta con anterioridade ao sinistro e dentro dos 15 días seguintes á súa sinatura, así como xustificación do pagamento a que se refire o parágrafo anterior.

Artigo 12. *Cláusula de cobertura.*

En todas as pólizas incluídas no artigo 4 figurará unha cláusula de cobertura polo Consorcio de Compensación de Seguros dos riscos extraordinarios, na cal se fará referencia expresa á facultade para o tomador do seguro de cubrir os ditos riscos con aseguradores que reúnan as condicións exixidas pola lexislación vixente. A dita cláusula será aprobada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por proposta do Consorcio de Compensación de Seguros, e publicarase no «Boletín Oficial del Estado». Non será válida ningunha outra cláusula ou pacto que puidese conter a póliza ordinaria en relación coa cobertura dos riscos extraordinarios polo Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 13. *Tarifa de recargas do seguro de riscos extraordinarios.*

1. As tarifas de recargas do seguro de riscos extraordinarios que deben satisfacer obrigatoriamente os asegurados ao Consorcio de Compensación de Seguros, que deberán ser individualizadas para a cobertura dos danos directos e para a da perda de beneficios, serán aprobadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por proposta do Consorcio de Compensación de Seguros e publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

2. As citadas tarifas deberán respectar os principios de equidade e suficiencia fundados nas regras da técnica aseguradora, e estar baseadas en principios de compensación entre tipos de bens ou de riscos, zonas xeográficas e graos de exposición.

Artigo 14. *Información que se debe facilitar ao Consorcio de Compensación de Seguros.*

As entidades aseguradoras que operen nos ramos de seguro con recarga obrigatoria a favor do Consorcio de Compensación de Seguros deberánlle facilitar á dita entidade pública empresarial a información relativa ás pólizas, riscos, garantías, coberturas, cláusulas e capitais que afecten as ditas operacións nos modelos que para o efecto aprobe a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por proposta do Consorcio de Compensación de Seguros.

3450 *ORDE HAC/429/2004, do 13 de febreiro, pola que se fan públicos os límites dos distintos tipos de contratos para efectos da contratación administrativa a partir do 1 de xaneiro de 2004. («BOE» 48, do 25-2-2004.)*

A comunicación da Comisión Europea (2001/ C 322/ 03), publicada no Diario Oficial das Comunidades Europeas número C 322, do 27 de novembro de 2001, facía público o contravalor dos limiares correspondentes aos contratos públicos de obras, subministracións e servizos e aos contratos suxeitos ao Acordo sobre contratación pública a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Facendo uso do establecido na disposición adicional segunda da Lei de contratos das administracións públicas, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e na disposición derradeira

terceira da Lei 48/1998, do 30 de decembro, no sentido de que as cifras que no sucesivo sexan fixadas pola Unión Europea e publicadas por orde do ministro de Facenda en euros ou en dereitos especiais de xiro (DEX) substituirán as que figuren no texto de ambas as leis, a Orde HAC/737/2002, do 2 de abril de 2002 (Boletín Oficial del Estado número 83, do 6 de abril de 2002), fixo públicos os límites aplicables aos contratos previstos nas directivas comunitarias e aos incluídos no Acordo sobre contratación pública, alterando as cifras que figuraban en diversos artigos da Lei de contratos das administracións públicas e da Lei 46/1998, do 16 de decembro, a partir do 1 de xaneiro de 2002.

No Diario Oficial da Unión Europea número C 309, do 19 de decembro de 2003, publícase a comunicación da Comisión Europea (2003/C 309/07) fixando, a partir do 1 de xaneiro de 2004, os limiares previstos para os contratos públicos e o contravalor en euros dos dereitos especiais de xiro, aclarando que para os Estados membros que participen no euro as cantidades en euros aplicaranse directamente.

Procede, polo tanto, incorporar á lexislación española os límites fixados, a partir do 1 de xaneiro de 2004, pola Comisión Europea e sinalar as cifras que deben figurar nos respectivos preceptos da Lei de contratos das administracións públicas e da Lei 48/1998, do 30 de decembro.

Na súa virtude, logo do informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, dispoño:

1. De conformidade coa comunicación da Comisión Europea (2003/C 309/07) publicada no Diario Oficial da Unión Europea número C 309, do 19 de decembro de 2003, o valor dos límites aplicables aos contratos incluídos no Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio a partir do 1 de xaneiro de 2004 é o seguinte:

5.000.000 DEX: 5.923.624 euros.
 400.000 DEX: 473.890 euros.
 200.000 DEX: 236.945 euros.
 130.000 DEX: 154.014 euros.

2. En consecuencia, a partir do 1 de xaneiro de 2004 as cifras que figuran na Lei de contratos das administracións públicas, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e no texto da Lei 48/1998, do 30 de decembro, pola que se regulan os procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, deben ser substituídas polas resultantes da comunicación da Comisión Europea nos seguintes termos:

A cifra de 6.242.028 euros pola de 5.923.624 euros, equivalentes a 5.000.000 de dereitos especiais de xiro (DEX), nos artigos 2.1.a), 133.1.a), 135.1, 140.2 e 152.1 da Lei de contratos das administracións públicas e no artigo 8.2.c) da Lei 48/1998, do 30 de decembro.

A cifra de 249.681 euros pola de 236.945 euros, equivalente a 200.000 dereitos especiais de xiro (DEX), nos artigos 2.1.a), 177.2 e 203.2.c) da Lei de contratos das administracións públicas.

A cifra de 162.293 euros pola de 154.014 euros, equivalente a 130.000 dereitos especiais de xiro (DEX), nos artigos 177.2 e 203.2.b) da Lei de contratos das administracións públicas.

A cifra de 499.362 pola de 473.890 euros, equivalente a 400.000 dereitos especiais de xiro (DEX), nos artigos 8.2.a) e 38.1.b) da Lei 48/1998, do 30 de decembro.

Madrid, 13 de febreiro de 2004.

MONTORO ROMERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA

3453 REAL DECRETO 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións. («BOE» 48, do 25-2-2004.)

O texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, integra a orixinaria Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, e as súas sucesivas modificacións, que configuraron, xunto cos seguros, un instrumento de previsión social complementaria específico, no marco dos sistemas privados de aforro finalista.

De acordo coa evolución lexislativa compilada no texto refundido da Lei reguladora dos plans e fondos de pensións, aprobada mediante o Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, este real decreto actualiza, sistematiza e completa a adaptación da normativa regulamentaria en materia de plans e fondos de pensións, contando así mesmo coa experiencia acumulada na materia, e tomando como referencia os desenvolvementos no ámbito da Unión Europea.

Este novo Regulamento de plans e fondos de pensións integra e substitúe o orixinario regulamento, aprobado mediante o Real decreto 1307/1988, do 30 de setembro, e parcialmente modificado posteriormente, en especial mediante o Real decreto 1589/1999, do 15 de outubro. Pola súa parte, o Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, por que se aproba o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, mantén expresamente a súa vixencia.

O novo desenvolvemento normativo estivo orientado por varios principios: en primeiro lugar, a necesidade de desenvolver diferentes aspectos introducidos mediante a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, referentes á consideración dos plans de pensións de emprego como un instrumento de previsión social empresarial coordinado cos procesos de representación e negociación colectiva no ámbito laboral, ofrecéndolles ás partes implicadas un grao de autonomía e liberdade de pactos que permita a súa adaptación ás necesidades e características que concorren no ámbito laboral e empresarial con maior flexibilidade.

En segundo lugar, avánzase na diferenciación, apuntada pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, existente entre os fondos de pensións de emprego (que integran plans de pensións de emprego) e os fondos de pensións persoais (que integran plans de pensións individuais e asociados), dada a diferente natureza dos seus obxectivos. Os primeiros encádranse no denominado segundo pilar da previsión complementaria, que permite instrumentar os compromisos por pensións das empresas cos seus traballadores, mentres que os segundos se encadran no denominado terceiro pilar, que canaliza decisións individuais e independentes de aforro finalista.

En terceiro lugar, incorpórase á normativa o resultado de determinadas disposicións da regulación da Unión Europea en materia financeira, e especialmente a Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e a supervisión dos fondos de pensións de emprego. Este corpo normativo orienta a nova regulación dos investimentos dos fondos de pensións, establecendo unha maior seguridade xurídica aos suxeitos intervinientes no proceso de investimento, e aumentando o nivel de transparencia e información cara aos partícipes. A regulación dos investimentos trátase de adecuar a unha situación dos mercados financeiros diferente da existente en 1988, data de